

ALEGACIÓNS RECIBIDAS NO SEPGA AO BORRADOR NORMATIVA DAS BASES PARA A REALIZACIÓN DE CONCURSOS ESPECÍFICOS

A continuación, reproducense o contido das alegacións remitidas ao SEPGA en relación ao devandito proxecto normativo.

Cada número correspóndese coa alegación feita por unha persoa. En todo caso, son alegacións formuladas por persoas que traballan no ámbito da Administración da Xunta de Galicia. Así mesmo, a orde seguida para a súa reprodución deriva da orde de recepción no SEPGA, de máis antiga a máis recente.

Trátase dunha reprodución literal e o SEPGA, neste caso, límitase ao seu traslado, sen que representen ningunha posición do SEPGA respecto ao seu contido. Todo iso independentemente de que as persoas que formamos parte da súa Comisión Executiva poidamos estar en maior ou menor medida co seu contido.

1.-

Tempo cero para leelo e reflexionalo jajajaja...manda cacarucas e máis **tendo en conta que hai concurso sde traslados activos que fai anisimos que non se realizan co que a xente que concurser agora ¿non vai poder presentarse aos específicos?, iso sí, a xente de estabilización vanlle contar o tempo como a todos os que fixemos os deberes cando nos tocou...**

2.-

Bo día,

Agradezo a información e envío suxestión:

Agradecería que **na cláusula primeira, se engadise " ou mediante un proceso selectivo aberto"**

Ao persoal que adquirise a condición de funcionario de carreira por un proceso de integración ou de funcionarización, ou mediante un proceso selectivo aberto, computaráselle o tempo de antigüidade no grupo/categoría de procedencia como de antigüidade no corpo/escala no que se funcionarizou.

Argumento:

Existe un colectivo de persoas **que somos funcionarios/as de carreira e adquirimos tal condición a través dun proceso selectivo ordinario de maior dificultade que o proceso de integración ou de funcionarización pero que, previamente, desempeñamos postos de persoal laboral** en Axencias

e/ou Fundacións. Co obxecto de evitar discriminacións cos que se funcionarización a través dun proceso de integración ou de funcionarización, solicito que se incorpore o texto "ou mediante un proceso selectivo".

Grazas

Un saúdo

3.-

Punto cuarto

A situación citada, do desempeño durante máis de 2 anos en comisión de servizos ou adscrición provisional dos postos cuxo sistema de provisión é o concurso específico, xerou un agravio para centos de persoas funcionarias que veñen desempeñando o posto de xefe de servizo nunha situación de precariedade e inseguridade xurídica, pola imposibilidade de obter o posto con carácter definitivo, por estar sometidas ao cese discrecional, pola perda de dereitos con respecto aos seus compañeiros en postos equiparables cubertos por libre designación, pola obriga de permanecer no posto co obxecto de non perder os dereitos latentes ou expectativa de dereitos de consolidación de grao persoal, pese aos probables cambios das circunstancias persoais ou familiares que se puideran dar ao longo de todos estes anos, pola imposibilidade de obter nos procesos de promoción interna destino definitivo na praza que desempeñaban, etc.

Se ben o SEPGA defende que o desempeño de postos en comisión de servizos non debe ser obxecto de valoración, polo carácter non regulado desta forma de provisión temporal, a situación creada en relación cos postos de concurso específico é, por unha parte inaudita e por outra especial e singular, en tanto que **se está a ocupar un mesmo posto de traballo** de especial responsabilidade máis aló dos 2 anos que permite a normativa, e en tanto que non existía **ningún procedemento de provisión definitiva** ata a recente aprobación do Decreto de Mobilidade.

Á vista da demora na aprobación do Decreto de Mobilidade e na previsible demora dos Concursos Específicos, houbera sido de recibo que a Dirección Xeral de Función Pública promovese a necesaria modificación normativa para paliar este evidente prexuízo, co obxecto de que o desempeño de forma provisional, mediante adscrición ou comisión de servizos deste tipo de postos, non supuxese un menoscabo dos dereitos do persoal funcionario, **para recoñecer o nivel do posto efectivamente desempeñado tanto en materia de consolidación de grao persoal como na valoración do traballo desenvolvido** nos correspondentes concursos de mobilidade ou selección de persoal.

5.-

2 cousiñas:

O tempo traballado ¿vaise valorar tendo en conta só o desempeñado en posto definitivo ou en comisión de servizos? Porque algunha desta xente leva moitos anos en comisión de servizos e sen consolidar.

Se a entrevista vai ser un 45% ¿non era máis económico e sinxelo manter as LDs?

6.-

Bo día.

Moitas grazas.

En referencia a esta convocatoria, indicar que **os funcionarios de corpos especiais que estamos en adscrición provisional por cese dunha LD, ao estar na obriga de concursar no de especiais, e tal e como están redactadas as bases do específico, estarían imposibilitados a participar neste concurso específico, o que considero é unha clara discriminación.**

Un saúdo!!

7.-

Bo día

En resposta ao email que enviáchedes en relación ao borrador das bases do concurso específico, agardo **que aleguedes en contra do mecanismo de puntuación que iguala por completo ao funcionario que pasou unha oposición e ao que non ao respecto da antigüidade, computándolles todo o tempo traballado para a administración pública, a antigüidade debe computar a partires da toma de posesión coma funcionario e, de non ser así, dalgún xeito terá que reflectirse o mérito de ter aprobado unha oposición, articulando, canda menos, un sistema de puntuación por exames de oposición aprobados.**

Un saúdo e grazas

a) *Antigüidade.* A puntuación máxima será de XX puntos.

Por cada mes de servizos como persoal funcionario: XX puntos

Para estes efectos, computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública, así como o tempo de servizos prestados no grupo ou categoría de procedencia polo persoal que adquirise a condición de funcionario de carreira por un proceso de integración ou de funcionarización.

8.-

Ola,

boteille un ollada por riba e **chámame a atención que non se valore a especialización nun determinado ámbito (o posto a desenvolver) valorando, por exemplo, os estudos regrados específicos sobre a materia (doutoramento, etc), as investigacións desenvolvidas, a participación en proxectos e a obra publicada** (libros ou artigos) sobre as funcións concretas a desenvolver no posto.

Saúdos

9.-

Buenos días, dos breves apuntes a la propuesta

No se reconocen en el baremo de méritos la participación como docente en los cursos

impartidos por las entidades que imparten los cursos de formación o perfeccionamiento.

No se valoran los cursos impartidos por **la Escola Galega de Saúde Pública**, creada por la Orden de 13 de febrero de 2023.

Salud

10.-

Solicito que se teña en conta a circunstancia de que a persoa funcionaria sexa familia monoparental como mérito nas bases do concurso específico para evitar calquera tipo de discriminación (ver arquivo).

Gracias

Un saúdo

nada se di de familias monoparentais.

Se ben é certo que a conciliación é unha medida a ter en conta, en xeral, en todas as familias, nas familias monoparentais debería ser tida en conta dun xeito particular, xa que as obrigas de pai e nai concurren nunha mesma persoa, a cal ten que facer un dobre esforzo para atender as/aos seus fillos/as.

Chama poderosamente a atención que entre os méritos a valorar teña un apartado específico o destino previo do cónxuxe ou parella de feito do persoal funcionario, pero non o teña o persoal funcionario que exerce de nai e pai.

Considero que é discriminatorio que persoal funcionario con fillo a cargo que conforman unha familia monoparental non se contemple aos efectos de computar como mérito de igual xeito que sí se contempla o destino previo do cónxuxe ou parella de feito do persoal funcionario.

Isto non só é discriminatorio para a persoa funcionaria- familia monoparental, senón para os seus os/as fillos/as, os cales se ven privados duns beneficios dos que estarían gozando os/as fillos/as doutra familia conformada por dúas persoas.

En consecuencia solicito que se teña en conta a circunstancia de que a persoa funcionaria sexa familia monoparental como mérito nas bases do concurso específico

11.-

Bo día

En resposta ao correo electrónico, borrador das bases do concurso específico, considero que se deben facer alegacións en contra do apartado 5 I. Primeira fase: Méritos xerais e específicos apartado 2. a) Antigüidade da base cuarta do anexo, do mecanismo de puntuación que iguala por completo ao

funcionario que pasou unha oposición e ao que non ao respecto da antigüidade, computándolles todo o tempo traballado para a administración pública.

A antigüidade deberíase computar a partires da toma de posesión coma funcionario e, de non ser así, dalgún xeito terá que reflectirse o mérito de ter aprobado unha oposición, articulando, canda menos, un sistema de puntuación por exames de oposición aprobados.

Un saúdo e grazas

12.-

Bo día,

Só fago un comentario/alegación ao procedemento xeral: a estas alturas da película, **a tramitación, presentación de solicitudes, méritos, etc. debería facerse igual que calquera outro concurso a través do portal do empregado.**

É un concurso máis que ten unha segunda fase de avaliación dunha memoria. Terían que habilitar a publicación do prazo para a presentación da documentación da segunda fase, e a publicación das datas para a realización da avaliación. Máis transparente e menos rolo.

Se hai persoas que optan a prazas de concurso específico e presentan a documentación en papel, ou non saben preparar unha memoria,....mal imos...

Saúdos,

13.-

Boa tarde,

Permítome a liberdade de apuntar un par de consideracións sobre o borrador por se queredes tomalasen consideración.

A primeira é unha obviedade: **sen saber cantos puntos se outorgan a cada criterio non é posible ter garantía ningunha de que o procedemento de concurso específico teña unha mínima obxectividade.** (Eu, polo menos, no borrador que descarguei do voso correo todas as puntuacións as vexo como "XX"; seica é un problema do formato de arquivo, non o sei)

A segunda é que resulta un pouco sorprendente que, **tendo en conta que a moitos destes postos poden optar, como mínimo, dous subgrupos, non se inclúa unha puntuación en función do grupo ou subgrupo de pertenza.**

Esperemos que a convocatoria finalmente estea deseñada cunha certa dose de obxectividade e non para que simplemente se fagan co posto todos os que o tiñan xa en comisión.

Un saúdo.

14.-

Bos días,

Gustaríame presentar alegacións ao Borrador de Concurso específico:

En especial no referido a:

"Requisitos para participar:

Segundo:

Ao persoal que adquirise a condición de funcionario de carreira por un proceso de integración ou de funcionarización, computaráselle o tempo de antigüidade no grupo/categoría de procedencia como de antigüidade no corpo/escala no que se funcionarizou.

a) Antigüidade. A puntuación máxima será de XX puntos.

Para estes efectos, computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública, así como o tempo de servizos prestados no grupo ou categoría de procedencia polo persoal que adquirise a condición de funcionario de carreira por un proceso de integración ou de funcionarización."

Considero e quero alegar que deberá ser que: O tempo de antigüidade deberá ser o tempo de servizos prestados dende a adquisición da condición de funcionario de carreira.

O persoal funcionario de carreira ademáis de ter que aguantarse coa entrada do personal que vai entrar co concurso de méritos (sen pasar ningún proceso selectivo, nin en moitos casos esforzarse o máis mínimo) vai ademáis ter que tragarse que os adianten nun concurso específico. Espero se tomen medidas ao respecto, e por unha vez se deixe de xogar co esforzo da xente que entramos na Administración só a base do noso esforzo, mérito e capacidade.

15.-

Logo de ver o contido das bases dos recentes concursos especiais e xerais da Administración Autonómica de Galicia convocados e, deste borrador como modelo de bases para os concursos específicos, bótase en falta que se recoñeza dalgún xeito o esforzo dos funcionarios de carreira que obtiveron a súa condición de funcionario tras superar exámenes no seu proceso selectivo e que tiñan por obxecto valorar o nivel de coñecementos dun temario (Constitución, Estatuto de Autonomía, Regulamentos varios, etc.).

A verdade e que cansa un pouco ver como ao persoal que acadou a situación de funcionario a través dun proceso de funcionarización ou estabilización se lle valore todo o habido e por haber e ao funcionario de carreira que pasou por un proceso selectivo con exámenes no que se valoraba o nivel de coñecementos de normativa, que lle adicou moito tempo e diñeiro a súa preparación, etc. non se lle valore esto nada en absoluto. Atopámonos nunha situación en que, moitas das persoas que acadaron a condición a funcionario polo procedemento de funcionarización ou estabilización poden homologar a súa antigüidade, obter moitos máis puntos na baremación do concurso e, polo tanto, ter máis opcións de ocupar un posto de xefe de servizo ou xefe de sección que outro funcionario con menos antigüidade pero que ten coñecementos demostrados tras superar un proceso selectivo con exámenes. E todo isto sen entrar a valorar o esforzo destas persoas en tempo e diñeiro esgotados na adicación á preparación dos devanditos procesos selectivos, cousa que non ocorreu cos funcionarios provenientes dunha funcionarización ou estabilización, que todo ese tempo tiveron un posto de traballo e ingresos.

Visto o anterior, aporto a seguinte suxestión para incorporar ao Modelo de Bases recollido no borrador:

Modelo de Bases

Base Cuarta. Fases do concurso e baremo de valoración

Apartado 2. A valoración dos méritos corresponderá á comisión de valoración, que será nomeada pola persoal titular da consellería convocante.

Os méritos a valorar poderán ser os seguintes, tendo en conta as regras xerais antes indicadas:

....

l) Coñecementos previos adquiridos a través da superación dun proceso selectivo.

Pola obtención da condición de funcionario trala superación dun proceso selectivo con exames nos que se avalíase o nivel de coñecementos dun temario con normativa xeral e/ou específica: XX puntos por cada proceso selectivo certificado, cunha puntuación máxima de XX puntos.

16.-

Bo día,

Só fago un comentario/alegación ao procedemento xeral: a estas alturas da película, a tramitación, presentación de solicitudes, méritos, etc. debería facerse igual que calquera outro concurso a través do portal do empregado.

É un concurso máis que ten unha segunda fase de avaliación dunha memoria. Terían que habilitar a publicación do prazo para a presentación da documentación da segunda fase, e a publicación das datas para a realización da avaliación. Máis transparente e menos rolo.

Se hai persoas que optan a prazas de concurso específico e presentan a documentación en papel, ou non saben preparar unha memoria,....mal imos...

Saúdos

17.-

Boa tarde,

Permítome a liberdade de apuntar un par de consideracións sobre o borrador por se queredes tomalas en consideración.

A primeira é unha obviedade: sen saber cantos puntos se outorgan a cada criterio non é posible ter garantía ningunha de que o procedemento de concurso específico teña unha mínima obxectividade. (Eu, polo menos, no borrador que descarguei do voso correo todas as puntuacións as vexo como "XX"; seica é un problema do formato de arquivo, non o sei)

A segunda é que resulta un pouco sorprendente que, tendo en conta que a moitos destes postos poden optar, como mínimo, dous subgrupos, non se inclúa unha puntuación en función do grupo ou subgrupo de pertenza.

Esperemos que a convocatoria finalmente estea deseñada cunha certa dose de obxectividade e non para que simplemente se fagan co posto todos os que o tiñan xa en comisión.

Un saúdo.

18.-

Bos días,

Soamente un comentario en relación aos requisitos para participar.

Indícase que para participar é necesario haber permanecido un mínimo de 6 meses nun posto ocupado con carácter definitivo obtido por concurso.

No meu caso atópome en situación de adscrición provisional dende o ano 2016, dado que dende o ano 2013 ata febrero do 2024 (máis de 10 anos) a Xunta de Galicia non convocou ningún concurso para as escalas de enxeñeiros (o concurso actualmente en trámite atópase na fase de solicitude de postos de traballo). Así que, tendo en conta o requisito antes mencionado, é posible que de convocarse en breve este concurso específico, sen que se espere a ter rematado o concurso ordinario en trámite e a que transcurran 6 meses desde a toma de posesión, eu non cumpla os requisitos para participar no concurso específico.

Polo que entendo que deberían terse en conta estas situación excepcionais, xeradas pola inactividade da Administración, á hora de establecer os requisitos para participar neste concurso específico.

Un saúdo.

19.-

Hola

Tal e como pensaba creo que esta frase:

Ao persoal que adquirise a condición de funcionario de carreira por un proceso de integración ou de funcionarización, computaráselle o tempo de antigüidade no grupo/categoría de procedencia como de antigüidade no corpo/escala no que se funcionarizou.

Ten que ter algunha medida de contención de cara aos funcionarios de carreira que cumpriron con todas as normas que se nos estableceron, é dicir, non entramos cunha estabilización ou nunha funcionarización tal e como se esta a realizar agora. Temos exemplos de funcionarios que entramos hai case 10 anos e si, todos os nomeados nesa frase xa estaban como interinos ou laborais, que se lles poña a cero o contador de experiencia entendo que non é xusto pero tampouco o é que se lles conte para este concurso, 1ª vez que se vai realizar, e pasen por riba de todos. Creo que a estes compañeiros debeselle contar como destino como definitivo dende que pasan a contar con esa condición de funcionario de carreira logo da súa integración ou funcionarización. Non queda para nada claro.

Tamén creo que, aínda que ten relación con outra cuestión, os funcionarios que estan en comisión de servizo, grazas ao incumprimento absoluto por parte de FP das normas do xogo da xestión do persoal, debería contarse o tempo en comisión á hora de contar na experiencia valorando o nivel da praza que se ocupa durante ese tempo.

Indo máis aló, se aos interinos se lles esta a consolidar o nivel que van ocupando nas diferentes prazas que ocupan qué mínimo que aos funcionarios de carreira que están en comisión non se lles faga o mesmo, é moi discriminatorio.

20.-

Bo día:

Quería facer varias observacións, a maioría das cales, por experiencia no meu posto de traballo, teñen xerado algunhas queixas e dúbidas noutras convocatorias:

1. Respecto aos cursos de formación ou perfeccionamento realizados (base Cuarta.5.2.d):

Non queda claro se os cursos de linguaxe administrativa (ou xurídica) galega que non convoque a EGAP ou a Agasp tamén se terían en conta, pois, á marxe destes organismos, tamén existen outros que convocan este tipo de cursos. Estou a referirme ás EOI ou a outros órganos coas que a Secretaría Xeral de Lingua (SXL) ten ou tivo convenios precisamente para a impartición destes cursos (algunha Deputación provincial, Concello, CRTVG etc.). Lembremos que os que convoca a EGAP e mais a Agasp tamén se realizan no marco da colaboración coa SXL. En todos os casos estamos a falar do mesmo tipo de cursos, cos mesmos contidos e sistema de avaliación, coas mesmas directrices da SXL e cunha mesma comisión que estuda as reclamacións sobre as puntuacións do alumnado. Finalmente, en todos estes casos é a SXL a que expide o diploma. É evidente, xa que logo, que todos deberían contar igual; non obstante, temos recibido queixas de que, por exemplo, non se tiña en conta o curso de linguaxe da EOI pero si o da EGAP.

2. En relación tamén cos cursos de linguaxe administrativa ou xurídica galegas (base Cuarta.5.2.e), parece que se están a misturar dúas cuestións:

Por unha banda, está o grao de coñecemento do galego, que abrangue 5 niveis (Celga 1, 2, 3, 4 e 5), e, pola outra, están os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (nivel medio e superior):

- Os Celga constitúen as certificacións oficiais do coñecemento da lingua galega e correspóndense, de acordo co artigo 2 da Orde do 16 de xullo de 2007, cos distintos niveis do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL). En concreto, o Celga 1 correspóndese co nivel A2; o Celga 2, co nivel B1; o Celga 3, co nivel B2; o Celga 4, co nivel C1; e o Celga 5, co nivel C2.

- Os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas, regulados pola Orde do 13 de xuño de 2011 (corrección de erros no DOG núm. 223, do 22.11.2011) son cursos de linguaxes específicas dirixidos aos distintos cadros de persoal da Administración e a outros colectivos que se establezan nas correspondentes convocatorias, que implican unha formación en aspectos gramaticais e léxicos específicos e en aspectos de redacción e estilo a partir do traballo con documentos administrativos ou xurídicos.

Evidentemente, uns e outros están conectados, pois para acceder a un curso medio de linguaxe é preciso contar cun Celga 4, pero diso non se pode inferir, de acordo coa normativa actual, que o curso medio estea ao mesmo nivel que o Celga 5, máximo grao de coñecemento do galego. O feito de que se puntuén no mesmo apartado ten dado lugar a interpretacións erróneas.

3. Respecto da acreditación de méritos referidos á lingua galega (base Quinta.1.c), o termo "validar" pode xerar problemas:

- Acreditación do nivel Celga: ademais de por "validación" de estudos, competencia dos centros públicos de ensino, da Inspección Educativa ou da SXL, segundo o caso, o Celga tamén se pode obter se se superan as probas oficiais que convoca a SXL. Neste caso, non se trataría propiamente dunha "validación" de estudos, senón da expedición dun certificado da SXL.

- Acreditación dos cursos de linguaxe: a Orde do 13 de xuño de 2011 recolle certos supostos de estudos equivalentes a estes cursos, pero tamén di explicitamente que a SXL non expedirá ningún certificado destas equivalencias; é dicir, a SXL expide os diplomas dos cursos pero non expide ningunha "validación".

4. En canto á acreditación da formación académica (base Quinta.1.d), sobre a referencia aos cursos de doutoramento:

A redacción xera confusión, pois alúdese á certificación dos cursos de doutoramento cando, por outra banda, a base **Cuarta.5.2.d** di que non se valorarán os cursos de doutoramento. Entendemos que para acreditar o doutoramento, igual que para unha licenciatura, grao ou máster, o propio é pedir o **título de doutor/a**.

Saúdos e moita grazas,

21.-

Bo día,

En relación ca valoración dos méritos recollidos no borrador de bases da convocatoria de concursos específicos para a provisión de postos de traballo do persoal funcionario de carreira, gustárame facer as seguintes consideracións :

Por cada mes de servizos como persoal funcionario: XX puntos

Para estes efectos, computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública, así como o tempo de servizos prestados no grupo ou categoría de procedencia polo persoal que adquirise a condición de funcionario de carreira por un proceso de integración ou de funcionarización.

Observación: Non me queda claro, de acordo coa redacción do texto arriba exposto, como se computaría o tempo de servizos prestados de alguén que despois de traballar x anos nun ente público empresarial aprobase un proceso selectivo polo sistema de queda libre. De non contarse os anos previamente traballados nese ente público a efecto de este concurso, estaríase a primar os procesos de funcionarización sobre o acceso libre á condición de funcionario de carreira.

d) Cursos de formación ou perfeccionamento realizados. A puntuación máxima será de XX puntos.

Os cursos....

Non se valorarán os pertencentes a unha carreira universitaria, os cursos de doutoramento, os cursos preparatorios ou integrantes de procesos selectivos e os diplomas relativos a asistencia a congresos, seminarios, simposios e similares. Aqueles cursos en cuxa certificación non apareza a duración non serán obxecto de valoración.

Observación: Non parece obedecer a unha razón obxetiva, xustificada e proporcionada que cursos de doutoramento, sobre todo no caso daqueles nos que exista unha relación estreita coa praza obxecto do concurso, non se valoren.

k) Coñecemento de idioma estranxeiro oficial no eido da Unión Europea. Valoraranse aqueles títulos

que consten no cadro de equivalencias de exames oficiais do Marco Europeo para as Linguas.

-coñecementos de nivel B1 ou B2: XX puntos

-coñecementos de nivel C1 ou C2: XX puntos

Observacións: Segundo o propio BOE (<https://eoidiomas.net/eoi/faqs/niveles-eoi/>), a comprensión e produción oral e escrita dun B2 é complexa, fronte a un B1 que resulta "esencial", "textos orales breves"..., polo que deberían puntuarse de diferente xeito. Por motivos análogos, tamén deberían establecerse diferentes puntuacións entre C1 e C2.

f) Certificado de competencias dixitais. No caso de posuír certificación dentro do Marco galego de competencias dixitais outorgárase unha puntuación de XX puntos

Observacións: Tendo en conta que os certificados de competencias dixitais están a impartirse por cursos independentes na EGAP (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250115/AnuncioO150-070125-0001_es.html), deberían puntuarse cada un dos módulos realizados, e non o certificado .

g) Experiencia profesional específica. A experiencia profesional específica refírese ao desempeño do posto de traballo obxecto do concurso específico ou dun posto de traballo no mesmo servizo ou unidade organizativa durante os anos anteriores

Observacións: Debería modificarse o apartado c) *Traballo desenvolvido. Computarase o traballo desenvolvido nos postos de traballo anteriormente desempeñados*, agás o período incluído no apartado g, a puntuación máxima será de XX puntos, de acordo ... Xa que de non ser así, estaríase a puntuar a mesma experiencia profesional dúas veces.

Espero que podades trasladar as observacións plantexadas.

22.-

Ao persoal que adquirise a condición de funcionario de carreira por un proceso de integración ou de funcionarización, computaráselle o tempo de antigüidade no grupo/categoría de procedencia como de antigüidade no corpo/escala no que se funcionarizou. Se hai que ter alomenos 3 anos como funcionario de carreira debe ser para todos, por exemplo o caso dun interino leve varios anos nun determinado servizo e que aprobe a oposición, ten que esperar 3 anos e os outros non? Ou para todos ou para ninguén

Alegación á base primeira punto 1º

Saúdos

23.-

1. El modelo presentado no aporta ninguna innovación significativa respecto al sistema anterior, manteniendo los mismos defectos que han sido reiteradamente señalados.
2. La composición de las comisiones de valoración sigue dependiendo directamente del órgano convocante, sin garantías reales de independencia.
3. El sistema permite un elevado grado de discrecionalidad
4. Se desaprovecha la oportunidad de implementar mejoras sustanciales como:
 - Evaluación ciega de las memorias
 - Tribunales verdaderamente independientes
 - Criterios de valoración objetivos y predefinidos

- Sistemas de control externos

Este modelo perpetúa un sistema que permite la adjudicación discrecional de puestos, contraviniendo los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad.

MAS DE LO MISMO

24.-

Bo día,

achégovos os meus comentarios ao borrador.

Destaco que, tal e como xa nos fixo Función Pública, aos Enxeñeiros superiores no actual concurso de corpos especiais, neste concurso específico NON SE VALORA A ESCALA A QUE PERTENCEMOS OS A1 E DENDE A QUE SE CONCURSA.

Confío que defenderedes os nosos intereses como CORPO SUPERIOR, antes de que Función Pública volva a publicar as bases a todo correr, sen recibir ningún tipo de reclamación dos nosos dereitos.

Estarei atenta as novas redacións do borrador.

Saúdos

25.-

Boa tarde,

Expoño a continuación unha serie de aspectos, que penso que deberían terse en conta nos concursos das escalas da Administración especial:

-Cursos de formación impartidos e que teñan relación coa temática da escala, poden ser impartidos na EGAP ou nalgunha outra AAPP, Universidade, Non ten moito sentido que agora nos concursos se valore a asistencia ao curso, e que ao ponente (o que imparte a formación), que seguro ten que pasar moito traballo para impartir o curso, non se lle valore nada. Como mínimo debe valorarse tanto como a asistencia, pero debería valorarse máis.

- É normal que non se valore a asistencia aos congresos, pero o que **si** se debería valorar é a **presentación de ponencias relacionadas coa temática da escala no Congreso**. Por exemplo, na escala de Estatística temos unhas Xornadas de Estatística das Comunidades Autónomas (JECAS), onde os ponentes presentan ponencias sobre a súa experiencia na elaboración de diferentes estatísticas innovadoras, etc. nas que o resto de CCAA aprenden desa experiencia para aplicalo na súa CCAA: <https://jecas.es/>. O lóxico sería que aos autores destas ponencias se lles valoraran dalgún xeito nos concursos de méritos, porque estanas facendo persoas que se preocupan por mellorar o día a día do seu traballo. Normalmente nestes congresos hai uns comités científicos que deciden se a ponencia é apta para presentar. Polo tanto, deberían valorarse.

- Por suposto que se debería valorar as **publicacións en revistas aplicadas e especializadas no tema e indexadas**. Por exemplo, en estatística hay moitas revistas de estatística aplicada onde os autores presentan as últimas novidades do big data, intelixencia artificial, , aplicacións á estatística pública. A estes autores debería valorárselles estas publicacións en revistas indexadas e que pasan por

un peer-reweew:

<https://iaos-isi.org/statistical-journal/>

https://www.idescat.cat/sort/?utm_campaign=home&utm_medium=banner&utm_source=Idescat

- Premios á Innovación: por exemplo o Premio aos empregados públicos innovadores que saca GAIN
-Dende o meu punto de vista deberían puntuarse máis os doutorados que teñan que ver coa temática da escala. Penso que agora mesmo se valora moi pouco.

O que quixen insistir con todos os puntos é valorar as persoas que son innovadoras e que traballan día a día para mellorar o seu traballo e ser máis eficientes

E esto é todo

Un saúdo